



- CARPA**
Carpa onde se desenvolverán as diferentes charlas, coloquios, concertos, etc.
Carpa do mesmo estilo ás dos anos anteriores. Dimensións 10x20 m ou 10x30 m (despóis de facer diferentes probas pensamos que a carpa de 10x20 m pode quedarse pequena, xa que o escenario e a mesa de son ocuparán boa parte da mesma).
Procurárase deseñar un fondo de escenario máis atractivo que os anos anteriores. Sempre tendo en conta que deben aparecer a Imaxe corporativa de ACAMPA. POLA PAZ E O DEREITO A REFUXIO e os logos das entidades colaboradoras.
- RÉPLICA DO CAMPAMENTO**
Para a recreación do campo de persoas refuxiadas tómanse como referencia os campos de refuxiados Rohingya en Bangladesh. Sería un conxunto valado con terra no chan.
- "ACAMPADA" INSTITUCIONAL (ONGs)**
Cámbianse de ubicación respecto dos anos anteriores, por entender que cando ocupaban o fronte dos xardíns non daban unha imaxe atractiva e podían confundir á xente que non sabe de que val Acampa, que podería pensar que o evento ten máis que ver con ONGs ou sindicatos que ca intención real.
Como o ano pasado, estas tendas irán en rectos cadrados de 3x3 m, delimitados por valados móbiles metálicos (de 3 m de longo x 2m de alto) con pés de formigón.
Procurárase deseñar algún elemento sinxelo que dote dun mínimo de uniformidade ao conxunto da "acampada" institucional (tendo en conta que cada Institución ocupará seu recinto como estílope oportuno).
Actualmente cóntase con 32 recintos, que poden crecer en número en dirección ao palco.
- CARPA RADIO**
Carpa onde se instalará o equipo de radio SER para realizar as súas retransmisións. Dimensións 5x5 m, pechada en tres dos seus lados.
Sería necesario saber se fai falta instalar algunha carpa máis deste tipo vinculada á zona de actividades ao aire libre (como parece que houbo en edicións anteriores).

- CASETAS ALMACÉN**
Espacio para poder almacenar o material da carpa (cadeiras, mesa de son, etc).
Para isto utilízanse dúas casetas de obra de dimensións 6x2,36 m cada unha.
- POSTOS ACCESO PRINCIPAL**
Falta que se nos concrete que funcións deben cumprir estes postos (informativos, venda merchandising...) e as súas necesidades, para nós poder definiilos.
A pesar de entender que non sería algo especialmente atractivo, o recomendable sería utilizar para estes postos algún elemento tipo carpa, valado ou similar, que non requiriese un esforzo extra para a súa instalación ou construción.
- EXPOSICIÓN FOTOGRAFICA**
Como soporte para a expo usaranse os mesmos valados metálicos con pés de formigón. O representado aquí é un simple esquema.
Falta definir con exactitude como se queren expoñer as fotos (Concretar lugar: Obelisco, só na beirarrúa dos Xardíns... Xeometría e disposición concreta dos valados para as fotos. Etc).
- BANDEIROLAS PROMOCIÓN**
Instalación de bandeirolas (de dimensións 2x0,50 m ou similar) para a promoción da actividade nas 5 faroladas existentes na beirarrúa do acceso aos Xardíns Méndez Núñez.
Falta definir o deseño das bandeirolas por parte do equipo de Imaxe de Acampa e buscar empresa que as coloque nas faroladas (ademais da soltitude no Concello para a súa instalación, que pola información que recibimos entendemos que xa está prevista).
- FOOD TRUCK**
Ata onto (ao ver plano de fontanería do mall para reunión venres 3) descoñecemos que ía haber food truck (polo que tamén descoñecemos as súas dimensións e necesidades).
Situamos as opcións de ubicación plantexadas no plano de fontanería que vimos. A opción "A" parécenos a que quedaría máis integrada no conxunto.

